



Deputación
DA CORUÑA

Nº20

08/11/2017

Boletín de Medio Ambiente



PR-G 101 Roteiro Costa da Égoa

Concello: Carral.

Lonxitude: 13 km.

Monumentos de interese: Igrexa de Santo Estevo de Paleo, Paradela, Pazo de Esperante, Salgueiros, Pazo de Vilasuso, Chamoso, Igrexa de San Pedro de Rubieiro, Montemeán, Costa da Égoa, Herves, Pazo das Cadeas, Muíño de Batán, Val da Barcia e, por último, o Eco-Museo Costa da Égoa con catorce muiños e unha pequena central hidroeléctrica.

Dificultade: Media, dunhas 3 horas e media aproximadas de duración.

Noticias

Cume do Clima en Alemaña

Desde o pasado luns 6 de novembro e ata o día 17 celébrase en Bonn, Alemaña, o Cume do Clima 2017 (COP23) organizada polas Nacións Unidas. Esta reunión pretende chegar a un acordo sobre os medios que se van a utilizar para culminar os obxectivos do Acordo de París.

No seo desta reunión, ademais, o Estado de Siria anunciou que pretende asinar o Acordo de París, deixando así a Estados Unidos illado como o único país que rexeita o acordo para combater os efectos do cambio climático. O país árabe, no medio dunha guerra civil, ata agora non puido enviar representantes para negociar ou asinar o acordo debido ás sancións europeas e americanas baixo as que se atopaba

Fonte: The New York Times

Tecnoloxías para limpar os mares Báltico e Mediterráneo

O proxecto Horizonte 2020 CLAIM da UE ten como obxectivo diminuír a contaminación das áreas, fondos e costas mariñas, mediante o desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías verdes e de enfocar a limpeza, de forma innovadora e creativa. Así, usarán filtros para as plantas de tratamento de augas residuais, e un dispositivo automático que permite filtrar ata micro-plásticos. Tamén, situáranse estratéxicamente aparellos nas desembocaduras dos ríos que constan dunha serie de brazos flotantes equipados con cámaras, para monitorizar a recolección de lixo flotante.

Fonte: Ecoticias

Galicia gasta máis de 10 millóns ao ano en glifosato

O glifosato é o herbicida máis estendido en Galicia por ser eficaz, rápido e barato.

José Manuel Fernández Villar, socio dunha cooperativa láctea en Mazaricos, móstrase contrario ao desterro do glifosato e considera que sería a ruína para as explotacións “co sistema actual de manexo da terra que hai nas explotacións intensivas é pouco menos que imprescindible dispoñer do glifosato [...]. O contrario sería unha redución importante da superficie de cultivo e [...] da súa produción. Cousas impensables tendo en conta a escasa marxe de beneficio na que nos movemos”.

Aínda así, nos últimos anos foron varios os concellos galegos que se declararon libres de glifosatos, como A Coruña, Ourense ou Santiago.

A Unión Europea ten a palabra sobre a continuidade do glifosato, xa que se descubriu que ten efectos negativos na saúde, pero non hai unanimidade e o prazo de decisión acábase. Os eurodeputados aprobaron a finais de outubro unha resolución na que se pedía a eliminación deste herbicida. A Comisión Europea, debaterá mañá xoves, si dar vía libre ao glifosato ata o 2022 ou cerrarlle as súas portas.

Fonte: La Voz de Galicia

Árbores encima das cinzas

Os estragos do incendio do día 15 animan aos veciños de Chavaga, en Monforte de Lemos, a plantar árbores.

Decenas de familias pasaron a noite do incendio en vela e pelexando para que as chamazas non alcanzasen as súas casas. Dúas semanas despois, aquela conmoción empeza a dar froitos inesperados: no pequeno monte comunal de Chavaga a asociación de veciños quere plantar árbores. Aínda están a lle dar forma ao proxecto, pero xa teñen claro que aínda que serán sobre todo piñeiros tamén haberá franxas de carballos.

Fonte: La Voz de Galicia

Nube tóxica de contaminación en Nova Deli

A cidade de Nova Deli, capital da India, levantouse o martes 7 de novembro cunha contaminación ata 7 veces por encima do recomendado pola Organización Mundial da Saúde. Concentracións de partículas superiores a 300 por metro cúbico son consideradas pola organización como tóxicas, e os resultados da capital foron de 500 partículas por metro cúbico. A densa nube de contaminación, que impedía ver a máis de 200 metros de distancia, xerou graves problemas no tráfico terrestre e aéreo.

Este problema prodúcese anualmente debido á queima de restrollos no norte do país e a chegada do frío, que fan que os niveis de concentración das partículas nocivas no aire dispárense.



Fonte: El Mundo

Sabías que...

cada día chegan á depuradora de Bens da Coruña 2.500 quilos de toallitas húmidas que foron arroxadas polo inodoro, o que supón case 70 toneladas ao mes, e preto de 1.000 toneladas ao ano?

As toallitas húmidas non son desechables e non se desintegran como o papel hixiénico polo que non se deben arroxar ao inodoro.

Boas Prácticas

Os vagos poden salvar o mundo

A Organización das Nacións Unidas crea a “Guía dos vagos para salvar o Mundo” para concienciar á cidadanía sobre a importancia de cambiar os seus hábitos para conseguir os Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable para 2030.

A guía conta con 3 niveis diferentes: Nivel 1: Cousas que podes facer desde o sofá, e que da consellos tan simples e tan efectivos como cambiarse ás facturas ou extractos bancarios dixitais para aforrar papel. Nivel 2: Cousas que podes facer en casa, e que aconsella tomar duchas curtas ou comer menos carne e peixe. E xa por último o Nivel 3: Cousas que podes facer fóra de casa, que aconsella aos cidadáns a desprazarse en bicicleta ou transporte público, e usar vasos e cuncas de café reutilizables.

Fonte: ONU

A Xunta recuperará os miradoiros da comarca

Turismo de Galicia, en colaboración cos concellos e as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación de Territorio e Medio Rural, rehabilitará os miradoiros da comarca incluídos no Catálogo das Paisaxes de Galicia e establecerá pautas para a súa promoción. É o propósito que se marca na Planificación 2017-2020 da “Estratexia da Paisaxe Galega”.

Destacan catorce atalaias na comarca: A Espenuca, en Coirós; Pico de Vales, en Irixoa; Monte Medela, Bandoxa e Rodeiro, en Oza-Cesuras; Monte Xalò, en Culleredo; Sorrizo, Monte de Angra, Monte Alto e Pastoriza, en Arteixo; Soandres e Caión, na Laracha e o faro de Mera, en Oleiros, son os principais miradoiros da área.

Fonte: La Opinión Coruña

Protexen o ombú dos Xardíns de Méndez Núñez dos efectos do botellón

Desde a asociación ecoloxista *Arco Iris* din que a situación é moi preocupante. Denuncian que o ombú, árbore única desta especie na Coruña, está a ser atacado nos botellóns celebrados en Xardíns. De feito, os empregados do departamento de Xardíns do Concello da Coruña “tiveron que colocar unha coraza nas raíces e tronco do ombú porque estaba a ser atacado con navallas, outros obxectos punzantes e ouriñes”. O cal confirmou un empregado municipal: «estaban a danar as raíces e colocámoslle unha capa de cortiza e despois brezo. Esperemos que esta medida sirva para algo».

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 8/11/2017 – 9/11/2017 IV Xornada de seguemento no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- 8/11/2017 – 10/11/2017 II Congreso Nacional de Ecoturismo. Guadalupe, Cáceres.
- 9/11/2017 I Maratón de Emprego Verde “EmpleaVERDEtón” Madrid.
- 10/11/2017 – 12/11/2017 Presura 2017. 1ª Feira para a repoboación da España baleira. El Huevo, Soria.
- 14/11/2017 – 16/10/2017 Smart City Expo World Congress 2017. Barcelona.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal